Hidrotoponimia da comarca de Bergantiños na documentación do Tombo de Toxos Outos: estudo lingüístico-etimolóxico*

Paulo Martínez Lema
Universidade de Santiago de Compostela
Instituto da Lingua Galega
<paulo.martinez@usc.es>

Resumo

Nesta contribución levamos a cabo o estudo dun pequeno grupo de topónimos presumibelmente baseados en radicais léxicos con contido hidronímico. Todos eses nomes de lugar remiten a entidades de poboación da bisbarra de Bergantiños (A Coruña) e aparecen mencionados baixo distintas formas lingüísticas nos diplomas do tombo do mosteiro de San Xusto de Toxos Outos (Lousame), colección documental que contén textos maioritariamente redactados en lingua latina e pertencentes aos séculos XII, XIII e XIV.

Palabras chave: Toponimia, hidronimia, lingüística histórica, etimoloxía.
Recibido: 2.IV.2009 – **Aceptado:** 19.VIII.2009

Sumario

1 Introdución
2 *Anllóns*
3 *Anos*
4 *Borneiro*
5 Algúns casos de etimoloxía discutíbel
Referencias

*Este traballo de investigación realizouse no marco do *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* (ITGM), proxecto que está a se desenvolver na sección de Gramática Histórica do Instituto da Lingua Galega (ILG) baixo a dirección de Xavier Varela Barreiro, e que pode consultarse na páxina web <http://www.usc.es/ilg/itgm>. Queremos agradecer así mesmo as achegas realizadas por Ricardo Gutiérrez Pichel na lectura e transcrición dalgúns dos textos empregados como fonte.

Ianua. Revista Philologica Romanica
Vol. 9 (2009): 195–212
ISSN 1616-413X
http://www.romaniaminor.net/ianua/

© Romania Minor

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

1. Introdución

O mosteiro dos Santos Xusto e Pastor de Toxos Outos naceu a comezos do s. XII da man dos cabaleiros Froila Afonso e Pedro Muniz, que o fundaron sobre os restos dunha ermida preexistente no actual lugar de San Xusto (Toxos Outos). Grazas ás mercés do monarca Afonso VII e da familia dos Froiaz-Traba, o cenobio acadou unha grande importancia no contexto dos mosteiros galegos medievais, e o seu dominio territorial chegou a abranguer non só diversos puntos da Galicia atlántica, senón tamén do Norte de Portugal e da comarca leonesa de Los Oteros. Porén, a decadencia en que se foron sumindo as diversas institucións monásticas galegas a partir do s. XIV conlevou a perda de boa parte desas posesións, e culminou coa súa anexión á abadía de Santa María de Sobrado dos Monxes en 1475.

O Tombo de Toxos Outos (= TO), conservado hoxe no Arquivo Histórico Nacional coa signatura 1002-B, é unha compilación de toda a documentación xerada por ese mosteiro desde a súa fundación, e referida de xeito directo ou indirecto ás súas diversas pertenzas. Aínda que a confección do tombo se iniciou no ano 1289, o certo é que lle foron engadidos con posterioridade diversos textos e anotacións datábeis no s. XIV. Á marxe das distintas transcricións parciais de que foi obxecto esta documentación xa desde finais do s. XIX, a única edición completa do tombo de que dispomos a día de hoxe non saíu á luz até data tan recente como o ano 2004, da man de Pérez Rodríguez. Esta edición (se ben ofrece certas carencias no tocante fundamentalmente á lectura e interpretación do material toponímico dos textos) foi a que tomamos como elemento de referencia para a elaboración do presente estudo, sempre e cando non indiqemos expresamente o contrario.

Evidentemente, un corpus documental como TO, que contén textos dos séculos XII, XIII e XIV con claro predominio do latín como lingua vehicular dos mesmos e referidos a unha área relativamente extensa do territorio galego, constitúe un obxecto de grande interese para a realización de estudos toponomásticos. Cómpre sinalar ademais que a representatividade toponímica deses documentos é maior da que podería supórselles en primeira instancia, pois neles non só encontramos material toponímico procedente das comarcas directamente ligadas ao mosteiro de Toxos Outos, senón tamén doutras moitas zonas de Galicia e mesmo de países como España, Portugal, Francia ou Italia, entre outros. Agora ben, para esta contribución centrámonos nunha determinada comarca das 53 en que se articula a Galicia administrativa: a comarca de Bergantiños. Os concellos que integran esta bisbarra son Malpica de Bergantiños, Cabana de Bergantiños, Laxe, Carballo, A Laracha e Coristanco. Desde o punto de vista da xurisdición eclesiástica, a comarca repártese entre os arciprestados de Soneira, Seaia e Bergantiños, todos eles pertencentes á súa vez á arquidiocese de Santiago de Compostela. No seguinte mapa podemos observar a situación xeográfica exacta deses sete municipios, así como a súa posición relativa con respecto ao emprazamento do antigo mosteiro de San Xusto de Toxos Outos.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)




Figura 1.

A toponimia desta comarca está relativamente ben representada nos manuscritos de TO, sobre todo se consideramos a distancia que separa estes territorios do foco xerador da documentación. Máis concretamente fomos quen de identificar até 10 ítems toponímicos, todos eles alusivos a entidades de poboación e que, desde un punto de vista estritamente lingüístico, podemos clasificar conforme a distintos criterios. Se acudirmos á clasificación toposemántica máis usual nos estudos deste tipo, podemos desglosar este pequeno repertorio nos seguintes subgrupos: 3 hidrotopónimos (*Anllóns*, *Anos*, *Borneiro*), 1 orotopónimo (*Traba*), 2 fitotopónimos (*Cospindo*, *Vilartrigueiro*), 2 antrotopónimos (*A Margarida*, *Nantón*), 1 agrotopónimo (*Tallo*) e 1 topónimo de interpretación problemática (*Canduas*). En canto ao fondo lingüístico das bases léxicas ou onomásticas sobre as que se formaron os topónimos, podemos concluír (con maior ou menor grao de certeza e probabilidade en cada caso) que predominan os topónimos asentados total ou parcialmente no estrato latino (*Anllóns*, *Cospindo*, *A Margarida*, *Traba*, *Tallo*, *Vilartrigueiro*), seguidos dos de filiación prelatina (*Anos*, *Borneiro*, *Canduas*) e, por último, dunha única formación explicábel en principio a partir do superestrato xermánico (*Nantón*). Neste traballo abordamos tan só o estudo

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

lingüístico-etimolóxico do grupúsculo formado polos hidrotopónimos, na súa inmensa maioría integrados na toponimia de orixe prelatina, como xa comprobamos. Aínda que a base principal das nosas consideracións e hipóteses foron sempre as atestacións extraídas directamente de TO, tamén procuramos sempre que nos foi posíbel contrastar eses rexistros cos procedentes doutras coleccións documentais desa mesma área xeográfica.

2. *Anllóns*

O topónimo *Anllóns* dá nome a unha freguesía do concello de Ponteceso, eclesiasticamente integrada no arciprestado de Seaia. Asemade, esta forma *Anllóns* aparece tamén designando outras entidades de poboación pertencentes á dita parroquia, concretamente as localidades de *Anllóns de Riba*, *Anllóns de Tras dos Agros* e *Anllóns Grande*. O Nomenclátor de Galicia non recolle ningún outro homónimo en ningunha outra parte do territorio galego.

En TO esta freguesía aparece nomeada nunha soa ocasión, e faino baixo a forma *Sancto Felice de Anlunis*. Esta é a lectura correcta que xa realizara no seu momento Salvado & Salvado (1991) na súa edición parcial do tombo, e que contrasta coa forma *Sancto Felice de Alueris* (sic) dada na súa edición por Pérez Rodríguez (2004) e a todas luces deficiente. En todo caso, o topónimo reaparece noutras coleccións documentais, principalmente nos textos do mosteiro de Santiago de Mens (Malpica de Bergantiños),[1] onde se rexistra como constituínte das secuencias antroponímicas *Johán Peres d'Anlloes* (1325) e *Ffernando Domingues d'Anllões* (1325).

Encontrámonos perante un dos moitos casos en que a denominación dunha corrente fluvial acabou por aplicarse a unha ou varias entidades de poboación asentadas na súa marxe ou ben na súa contorna física máis ou menos inmediata. Nesta ocasión trátase do río Anllóns, que nace no monte Xalo (Cerceda) e rega as terras dos concellos bergantiñáns da Laracha, Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños e, finalmente, Ponteceso, onde dá as súas augas á ría de Corme.

A etimoloxía do nome *Anllóns* xa foi esclarecida no seu momento por Moralejo (1980, 158), e posteriormente afinada por Millán (1994, 455–456). Ambos os dous estudosos postularon unha base etimolóxica *ANGŬLŌNES, cuxa morfoloxía nos permite interpretala como un derivado aumentativo do substantivo latino ANGŬLŬ 'ángulo', e que aludiría por tanto aos grandes meandros que caracterizan o río Anllóns no tramo final do seu curso, precisamente nas terras da parroquia homónima. De feito, Millán (1994) sinalara a existencia dun lugar denominado *A Chousa dos Anllóns*, sintagma toponímico en que a permanencia do artigo determinado podería constituír un indicio do primitivo uso de *ANGŬLŌNE como apelativo e seguramente co mesmo sentido con que acabou por toponimizarse no nome do río.

Por outra banda, a base ANGŬLŬ aparece tamén na nosa documentación altomedieval en contextos léxicos similares e que nos permiten asignarlle sig-

[1] Zapico (2005).

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

nificados hoxe perdidos na lingua común, como 'meandro, curva dun río' ou mesmo 'punto onde converxen dúas ou máis correntes de auga'. Así debemos interpretar, p. ex., unha secuencia como *I° pedazo inter seminatura qui iacet in angulo de illo rio*, presente nun documento do tombo de Celanova con data de 1065. Álvarez Maurín documenta tamén uns usos moi semellantes deste substantivo no territorio lingüístico astur-leonés, achegando como exemplo un texto de 950 en que se menciona un *molino de angulo*, ou sexa, «un molino situado en una esquina o ángulo formado por dos corrientes de agua» (Álvarez Maurín 1994, 124–125). Tampouco debemos esquecer que o latín ANGŬLŬ xerou en castelán a palabra patrimonial *año*, que acabou perdéndose polo conflito homonímico que suscitaba co máis común *año* (< ANNŬ).

No que se refire estritamente á toponimia, tanto a forma simple ANGŬLŬ como os seus derivados deron lugar no territorio galego a outras moitas expresións para as cales seguramente podemos pensar nunha etioloxía idéntica ou moi afín á do topónimo *Anllóns*. Referímonos a casos como *O Añón* (< *ANGŬLŌNE), *Anllo* (< ANGŬLŬ), *Anlló* (< *ANGŬLŎLŬ) e *A Anllada* (< *ANGŬLĀTA). A motivación hidronímica resulta aínda máis transparente se cadra naqueles topónimos en que ANGŬLŬ concorre modificado polo substantivo RĪUŬ 'río'. Esta é a explicación etimolóxica que requiren nomes de lugar como *Rianxo* ou *Riaño*, forma esta última non descoñecida en Galicia, aínda que especialmente frecuente na toponimia do ámbito leonés e castelán, ben como constituínte autónomo, ben como núcleo dun sintagma máis complexo, como nos cántabros *Riaño de Ibio* ou *Riaño de Escalante* (González Rodríguez 1999, 59). Tanto *Riaño* como *Rianxo* poden reducirse por tanto a un sintagma toponímico orixinario *RĪU(Ī) ANGŬLŬ, semanticamente homologábel a compostos xa existentes na nosa toponimia como *Riotorto* (< RĪUŬ TORTŬ) e similares. Por outro lado, esta estensa serie toponímica ilustra a variedade de resultados que coñeceu no romance galego-portugués o grupo consonántico secundario -NG'L-, resultante da perda da vogal postónica -ŭ- (Ferreiro 1999, 152–153).

Tamén a ANGŬLŬ, mais carente xa de connotacións hidronímicas, podemos remitir o substantivo *anllar/allar* (así como as súas múltiples variantes formais *illar*, *ullar*, *unllar*...), en cuxa orixe semella estar o derivado *ANGŬLĀRE e que se emprega aínda hoxe co significado «espazo ao carón da lareira para gardar a leña».

3. *Anos*

Recibe este nome unha parroquia do concello de Cabana de Bergantiños, eclesiasticamente pertencente ao arciprestado de Soneira. Trátase dunha denominación única no territorio galego, e cuxa presenza nas fontes documentais medievais é certamente escasa. De feito, un dos poucos rexistros que coñecemos nese período encóntrase precisamente nun documento incluído en TO como é o testamento de Leonor González de Zas, redactado en 1334 e no cal aparecen mencionadas numerosas poboacións e territorios de toda a vertente occidental galega, desde as terras de Bergantiños até as do Salnés. Máis concretamente, cara á parte central do manuscrito podemos ler o seguinte:

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

> Jtem mando a Ssam Martino de Quandoes quanto herdamento eu ey enno villar de [...] que he quarta do dito [...] que sse y fezer. Jtem mando a **Santo Esteuóó d'[In]oes** o meu [quinom do] casal de Margaride, [San Esteuoo] seía meu avogado.[2]

Como pode comprobarse nesta transcrición, o estado do manuscrito é bastante precario, mais aínda así podemos ler con relativa facilidade as formas toponímicas presentes nel. Así, *Ssam Martino de Quandoes* pode identificarse sen maior problema (e á luz doutras moitas atestacións dispersas por distintos textos da época) co mosteiro existente noutrora na actual parroquia de San Martiño de Canduas (Cabana de Bergantiños). Pola súa parte, o *casal de Margaride* correspóndese coa actual aldea da Margarida, situada na freguesía de Cundíns (Cabana de Bergantiños). No que respecta ao terceiro topónimo aludido no fragmento, López Ferreiro, primeiro autor en transcribir e editar parcialmente este testamento en 1868,[3] propuxo a forma *sam esteuoo dinoes*, lectura respectada na súa edición por Pérez Rodríguez (*Santo Esteuoo dinoes*), quen identificou acertadamente esta forma co actual Santo Estevo de Anos. Efectivamente, trátase da lectura máis razoábel dun treito polo demais tan deteriorado que só permite identificar con relativa facilidade a terminación *-oes* do topónimo que nos interesa, dato en todo caso moi relevante á hora de propor unha orixe etimolóxica para esa forma. Agora ben, a xulgar pola forma moderna do topónimo (*Anos*), quizais sexa máis conveniente e verosímil interpretar unha forma *Anoes*, que tomaremos como punto de partida para a nosa análise lingüístico-etimolóxica. Polo demais, a asociación entre *Santo Esteuóó d'[In]oes* e a actual freguesía de Anos non ofrece ningún tipo de dúbida: por un lado, polo contexto toponímico en que se inscribe esa forma, e que remite integramente ao ámbito xeográfico do moderno concello de Cabana de Bergantiños; e, polo outro, por ser a freguesía de Anos a única do entorno posta baixo a advocación de Santo Estevo. Á marxe deste rexistro que nos proporciona TO contamos con outro testemuño lixeiramente posterior, máis concretamente de 1375, extraído dun documento no cal se menciona un *casal que chamam danoos*.

Até onde nós sabemos, foron poucos os autores que se aproximaron á orixe etimolóxica deste topónimo, mais todos eles partiron dun erro de base ao suporen como forma moderna do mesmo un inexistente **Anós*, con acentuación oxítona e que non se corresponde nin coa pronuncia real do topónimo por parte dos falantes nin tampouco coa variante recollida no Nomenclátor de Galicia. Deste xeito, as hipóteses formuladas por eses investigadores fican invalidadas, se non nos seus termos xerais, si no tocante aos étimos concretos reconstruídos para o topónimo que nos ocupa. Bascuas (2001, 430–431), sempre desde a cautela, aventurou unha base etimolóxica *ANNOIOS ou *ANNONOS, na cal se produciría a perda da semiconsoante ou da consoante nasal e unha posterior redución do hiato resultante desa síncopa. Mais esta reconstrución, ademais de basearse nunha forma moderna errónea como é **Anós*, presenta tamén certas dificultades de índole esencialmente fonética, sobre todo no referente a *ANNONOS,

[2] Lectura e transcrición propias.
[3] López Ferreiro (1868).

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

cuxo resultado romance, atendendo ao dominio xeolectal concreto en que nos encontramos (os falares galegos do bloque occidental), debería ser en todo caso **Anóns*. Obxeccións moi similares poden formulárselle á explicación proposta por Iglesias (2003, 261), que parte dunha forma en xenitivo *ANNŌNIS cuxa evolución posterior (*ANNŌNIS > *ANNŌNES > **Anões* > **Anois* > **Anós*) dificilmente pode conciliarse coas tendencias características da fonética histórica galega, pois, á marxe da excepcionalidade que revisten algúns dos tramos intermedios desa cadea evolutiva, o resultado esperábel dese hipotético *ANNŌNIS sería tamén **Anóns*.

A verificación da forma correcta do topónimo e o seu contraste tanto cos rexistros medievais como con outras formas toponímicas directa ou indirectamente relacionadas permítenos ensaiar unha proposta explicativa que coidamos non só máis verosímil cás precedentes, senón tamén máis coherente coas regras da fonética histórica galega. En primeiro lugar, cremos que a terminación *-oes* da forma medieval atestada en TO e o seu resultado actual *-os*, pasando pola fase intermedia *-oos* representada na forma *anoos* de 1375, constitúe un dato de grande interese que, unido á conservación da consoante nasal en posición intervocálica e á acentuación paroxítona do resultado romance, permiten deducir e soster unha forma etimolóxica *ANNONES, orixinariamente con acento na sílaba inicial. A estrutura desta formación non é arriscada nin problemática, cando menos no tocante á súa constitución morfolóxica interna: a unha base léxica **ann-* engadíuselle o sufixo átono prerromano *-one(s)*, cuxa existencia pode verificarse grazas a outros moitos derivados toponímicos do territorio galego e que adoita interpretarse como un sufixo empregado na creación de xentílicos. Máis concretamente, a toponimia permítenos illar dúas tendencias evolutivas ben diferenciadas no referente ao tratamento fonético deste formante. Nuns casos, e tras a perda da consoante nasal intervocálica, o encontro vocálico heterosilábico resultante desa alteración ([õẽ]) resolveuse mediante a glidización da primeira vogal, coa conseguinte formación dun ditongo: esta é a evolución constatada en casos como *Canduas* (< med. *Candões/Candoes* < *CAND-ONES), *Brantuas* (< med. *Brantões/Brantoes* < *BRANT-ONES), *Bascuas* (< **Vascoes* < med. *Uascones* *UASC-ONES) ou *As Malvas* (< med. *Malloes/Mallões* < *MALL-ONES), este último especialmente interesante debido á consonantización que acabou sufrindo a semivogal [o̯] (**Maloes* > **Malves*) e que fixo posíbel a asimilación da forma resultante ao fitónimo *malva* (Navaza 2006, 328–329). O proceso alternativo ao que vimos de describir consistiu na asimilación e crase da secuencia vocálica [õẽ] (> [õõ] > [õ] > [o]), fenómeno que nos permite explicar xa non só o caso concreto de *Anos* (*ANNŌNES > **Ánones* > **Anões* > **Anõos* > **Anos* > *Anos*), senón tamén outras formas dotadas dun maior apoio documental como p. ex. *Camos* (< med. *Camões* < *CALAM-ONES) ou, cun sufixo átono distinto mais idéntico comportamento fonético, *Samos* (< med. *Samãos* < SAM-ĂNŌS) ou *Tamagos* (< med. **Tamagãos* < *TAMAK-ĂNOS), entre outros.

Na nosa opinión, o estabelecemento da natureza e evolución do sufixo resolve unha parte sumamente importante da cuestión etimolóxica, pois permítenos adscribir o topónimo a unha categoría morfolóxica e semántica concreta, así como a un fondo lingüístico tamén moi determinado. De todos os xeitos, a orixe da

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

base léxica, aínda que en certo xeito secundaria, tamén pode determinarse cun grao relativamente alto de fiabilidade. Na nosa opinión, a fisionomía externa desa base **ann-* fai plausíbel relacionala con certas raíces prelatinas moi produtivas na creación de derivados léxicos e toponímicos de contido hidronímico e especialmente prolíficas no territorio do Noroeste peninsular. Deste xeito, concordamos con Bascuas (2001, 429–431) cando vincula ese tema **ann-* co radical céltico **an-* 'poza, pantano, lama', ben coñecido a través de formas como o galo *anam* 'charco, poza' ou o topónimo *Guadiana*, cuxo compoñente final debe relacionarse directamente co nome antigo dese mesmo río, *Ana*/*Anas*. A presenza dese tema **an-* na nosa toponimia concrétase nun número elevado de formas, entre as cales podemos salientar *Ares* (< *AN-ĂRIS), *Ar* (< *AN-ĂRE), *Ombre* (< *AN-OBRE) xunto co seu correlato *Añobre* (< *AN-Ĭ-OBRE), *Couto de A* (< *AN-A) ou o nome do río *Da* (< **río d'A* < *AN-A), por sinalar unicamente algúns dos casos máis coñecidos e evidentes. O tema **ann-* suporía unha variante con xeminación da consoante, o que nos sitúa perante unha alternancia que non deixa de repetirse noutras moitas formacións prerromanas de orixe indoeuropea: pensemos p. ex. en pares como *Bolaño*/*Boaño*, *Calamouco*/*Caamouco*, *Sar*/*Sarria* e outros moitos de características análogas. Por outra banda, a rendibilidade toponímica do tema **ann-* no dominio lingüístico galego-portugués parece confirmado grazas a formacións como as portuguesas *Anobra* e *Nóbrega* (< *ANNO-BRĬGA) ou as galegas *Anido(s)*/*Anide*, interpretábeis como variantes dun primitivo derivado *ANN-ĪTŬ (cf. *Lourido* < *LAUR-ĪTŬ ⟵ LAURŬ, *Penido* < *PĬNN-ĪTŬ ⟵ PĬNNA e similares). Por outra banda, o propio topónimo *Anos* (< *ANNONES) pode aducirse como exemplo desa alternancia **an-*/**ann-* se o contrastamos coa forma *Ons*, nome dunha freguesía do concello coruñés de Brión mencionada en TO baixo formas como *Oiis* (1232), *Ooes* (1289), *Ooens* (1226, 1244) e *Aoens* (1226), que nos permiten reconstruír unha base etimolóxica *ANŌNES (>*Ãõẽs* > *Õõẽs* > *Õẽs* > *Ons*) formalmente paralela a *ANNONES.

A precariedade dos rexistros documentais medievais e a mais a propia remisión do topónimo a un terreo tan inestábel como o da toponimia prerromana obrígannos a adoptar unha postura cautelosa ante a hipótese que vimos de desenvolver, se ben coidamos que a súa verosimilitude vén avalada por un número suficientemente extenso de paralelos.

4. *Borneiro*

O topónimo *Borneiro* dálle nome a unha freguesía do concello de Cabana de Bergantiños, e eclesiasticamente integrada no arciprestado de Soneira. Descoñecemos a existencia de formas homonímicas en ningunha outra parte do territorio galego, aínda que, como teremos ocasión de ver, iso non nos impide estabelecer conexións até certo punto transparentes con outros topónimos do ámbito románico en xeral e galego en particular.

En TO, a parroquia de San Xoán de Borneiro aparece mencionada en dúas ocasións baixo as formas *Borneyro* (1252) e *Borneiro* (c. 1300-1400). Esta última é tamén a que localizamos nun documento do mosteiro de Santiago de Mens con

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

data de 1380.[4] En calquera caso, o rexistro cronoloxicamente máis recuado que coñecemos para este topónimo é *Burnario cognomento Uillanoua*, variante latina ou latinizada que concorre nun texto da colección documental do mosteiro de San Xiao de Moraime (Muxía) redactado en 1095.[5]

Para discernirmos a base etimolóxica deste topónimo resulta necesario relacionalo con outras formacións espalladas polo territorio galego e aparentemente baseadas nun radical idéntico ou moi similar. A conexión semella transparente no caso de *Burneiros*, seguramente unha simple variante de *Borneiro* con flexión de número e inflexión da vogal pretónica por efecto do ditongo tónico ['ej] (cf. *Regueiro/Rigueiro* e similares). Ao mesmo tempo, parece razoábel relacionar *Borneiro* e *Burneiros* cos derivados *Bornais*, *Bornas*, *Bornidos* ou *Bornalle*, todos eles representativos de esquemas morfolóxicos e fonéticos habituais na nosa toponimia. Este feixe de formas podería aínda incrementarse con outras como *As Bornogueiras* e *As Bornetas* e, pasando xa ao territorio portugués, *Bornaria*, *Bornarias*, *Borneira*, *Bornela*, *Bornirinho* ou *Bornes*, entre outras.

En principio, a afinidade formal podería recomendar a vinculación desta nutrida serie toponímica con certos elementos léxicos aínda vivos e produtivos na lingua, como p. ex. o substantivo *borneira*, que Eladio Rodríguez define como «Piedra negra de que se hacen las muelas para los molinos harineros», sendo á súa vez *borneiro* o adxectivo aplicado por extensión «al grano molido con la *borneira*, y a la harina que ha sido molida con la misma piedra». Ambas as dúas voces, ben representadas nos nosos dicionarios, son comúns ao portugués, onde encontramos *pão borneiro* 'pan feito con fariña borneira', e encontra así mesmo correlato no castelán *bornero/bornera*, para o que Coromines se limita a sinalar a súa orixe escura (DCECH, s.v. **bornero**). Quizais relacionadas tamén con esta serie léxica estean as formas *bornaz* e *bornaceira*, aboadas por Aníbal Otero coas respectivas acepcións de «Blanca, hablando de cierta calidad de piedra» e «Dícese de una calidad de piedra, blanda y del color de la rama seca», respectivamente.[6] A partir dos significados que presentan todas estas formas léxicas que vimos de enumerar, Cabeza Quiles (2008, 117–118) suxire a posibilidade dunha raíz prerromana **bor(n)-* 'rocha, pedra', á que retrotrae tanto a forma *borneira* e os seus distintos cognados como o propio topónimo *Borneiro*, entre outros. Na opinión dese investigador, *Borneiro* designaría en orixe un monte existente dentro desa freguesía e que aínda hoxe é coñecido con esa mesma denominación.

Por outra banda, tanto as atestacións medievais como a propia lóxica da evolución fonética desaconsellan considerar calquera relación desta serie toponímica co latín *PRŪNĔŬ, variante vulgar de PRŪNŬ 'ameixeira brava' da que procede o fitónimo galego *(a)bruño*, moi prolífico na nosa toponimia a través de múltiples derivados (Navaza 2006, 105 e ss.).

[4] Zapico (2005).

[5] Lucas (1975).

[6] O mesmo autor anota tamén o adxectivo *bornal*, xeralmente aplicado a «una calidad de brezo que tiene la flor blanca». Neste vocábulo semella adiviñarse unha conexión semántica e formal co castelán *borne*, o aragonés *aborniello*, o francés *aubour* e o occitano *alborn* 'especie de codeso', todos eles reducíbeis en opinión de Coromines ao lat. LABŬRNUM, metatizado por interferencia do substantivo ALBŬRNUM 'albura de árbore' (DCECH, s.v. **borne**).

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

Fronte a estas posibilidades que vimos de comentar, cremos que a explicación etimolóxica do topónimo *Borneiro* e de cando menos moitas das restantes formas toponímicas antes mencionadas debe rastrexarse no fondo hidronímico prerromano de filiación indoeuropea. Máis en concreto, xulgamos moi probábel a vinculación de *Borneiro* coa raíz **bher-* 'bulir, ferver', 'inchar, upar', reconstruíbel a partir de derivados como o latín FERMENTŬ 'levadura', 'masa fermentada', o irlandés moderno *tobar* 'fonte, manancial', o irlandés medio *commar* 'confluencia de ríos' e *fobar* 'manancial, corrente subterránea' ou o grego πορφυρω 'remerxerse, bulir, estar en continuo movemento', entre outras (Pokorny 1959, 132–133). A partir deste radical **bher-*, con vocalismo labiovelar e prolongación sufixal en *-n*,[7] pode explicarse un tema **born-* recoñecíbel de feito en topónimos como os italianos *Borno*, *Bornate* e *Bornasco*, o español *Bornos* (Cádiz) ou nomes de ríos franceses como *La Bourne*, *La Borne*, *Le Bornain*, *Le Bornan(t)* ou *La Bornue*, entre outros, formas todas elas que xa Dauzat (1946, 125–127) remitira no seu momento a un tema orixinario **borna* 'fonte, manancial', o mesmo ao que anos máis tarde retrotraería os tamén franceses *Born* e *Bords* Dauzat 1978, s.v. BORDS. Tampouco pode descartarse a conexión cunha raíz semanticamente próxima á anterior como é **bhereu* 'bulir con vehemencia, ferver', que está na orixe de verbos tan coñecidos como o latín FERUEŌ 'ferver' e explica ademais o antigo xermánico **brunō/*brun(e)n*, recoñecíbel no gótico *brunna*, o antigo alemán *brunna/burna* (> alemán moderno *Brunnen*), o antigo islandés *brunn* ou o anglosaxón *brunna/burna*, todos eles especializados no significado 'manancial' (Pokorny 1959, 143–145) e formalmente moi próximos á serie toponímica en que se integra *Borneiro*.

En todo caso, sexa cal for a raíz indoeuropea específica á que se remonta o tema **born-*, cremos que é un contexto lingüístico como o que vimos de perfilar o que mellor axuda a interpretar o topónimo que nos ocupa, así como a súa variante *Burneiros* e seguramente moitas das restantes formas toponímicas galegas e portuguesas ás que lles presumimos unha orixe común. Máis en concreto, a foma *Borneiro* podería entenderse como un derivado inicialmente adxectival creado mediante a adición ao tema **born-* dun sufixo abundancial e caracteriza-

[7] Ao carón deste tema **born-* adoita describirse un tema paralelo **borm-*, tamén con sufixo nasal mais neste caso de articulación bilabial, e estabelecido como base etimolóxica dunha boa cantidade de formacións onomásticas tanto modernas como antigas. Menéndez Pidal (1968, 93–98) cita entre outros os topónimos italianos *Bormia*, *Bormio* e *Formio* (antigo *Formiae*), os franceses *Borma* e *Bormes*, os españois *Bormate* e *Bormas* ou o portugués *Bormela*, así como o topónimo βορμαμομ/φορμαμομ aludido por Ptolomeo ou o nome da cidade alemá de *Worms*, documentada na Antigüidade baixo o nome **Bormitomagus*. Rodríguez Sevilla (1980, 36–38) cita para o dominio astur-leonés os topónimos *Porma*, *Puerma* e *Zampuerma* (< **Fuampuerma* < *FŎNTE PORMA), nos cales se observa a peculiaridade do enxordecemento da consoante oclusiva inicial, obxecto de distintas explicacións por parte dos investigadores. Xa no terreo da antroponimia cómpre salientar teónimos como os galos *Bormō*, *Bormanus* e *Bormana* ou o lusitano *Bormanico*, todos eles relacionados con fontes de augas medicinais. A alternacia **born-/*borm-* reproduce un esquema moi habitual na toponimia prerromana en xeral: p. ex., a coñecida raíz **kar(r)-* 'pedra' xerou un tema **kar-n-* recoñecíbel en formas como *Carnota*, *Carnés* ou *Carnoedo*, mais tamén un tema **kar-m-* que explica derivados como *Carmoa*, *Carmona* e similares. Outro tanto pode dicirse da raíz hidronímica paleoeuropea **er-* 'moverse', presente en formas como *Arnoia*, *Arneiro*, *Arnego* ou *Ernes* ao mesmo tempo que noutras como *Armea*, *Armuña* ou *Érmora*, p. ex.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

dor tipicamente latino como é -ārĭŭ, e alusivo á presenza no lugar de mananciais ou saltos de auga. En principio, e a falta de rexistros documentais que obriguen a desbotar tal posibilidade, os restantes topónimos aludidos ao comezo deste epígrafe virían ilustrar outras opcións combinatorias igualmente constatadas na nosa toponimia: *BORN-ĀLES > *Bornais*, *BORN-ĔLLA > *Bornela*, *BORN-ĪTŌS > *Bornidos* (cf. *Teixidos*, *Codesidos*, *Louridos*...), *BORN-ALĬŬ > med. *Bornalio/Bornallo* > *Bornalle*, etc. A aceptación dalgunhas destas propostas etimolóxicas supón dar por boa a combinación de radicais de filiación prerromana con sufixos netamente latinos, fenómeno que en absoluto diminúe a verosimilitude da nosa hipótese e que de feito pode verificarse aínda noutros moitos derivados. Por cinxirnos unicamente ao caso do sufixo -ārĭŭ podemos sinalar casos como *Arneiro* (< *ARN-ĀRĬŬ), *Amoeiro* (< *AMON-ĀRĬŬ) ou os fitónimos *ameneiro/amieiro*, *(a)bidueiro/(a)bidueira* e *abeneiro*, formacións todas elas alicerzadas en distintos radicais pertenecentes ao fondo lingüístico prerromano. En consecuencia, os derivados toponímicos galego-portugueses do tema **born-*, así como outros moitos estruturalmente homologábeis a eles, non fan senón evidenciar a produtividade léxica con que contaban tales radicais aínda no período propiamente romano, aínda que en moitos casos non conseguisen pervivir nas variedades romances posteriores ou soamente o fixesen como fósiles toponímicos.

5. Algúns casos de etimoloxía discutíbel

5.1. *Tallo*

Recibe este nome unha parroquia do municipio de Ponteceso e arciprestado de Seaia. A mención máis antiga a esta poboación procede precisamente de TO, onde rexistramos a forma *Sancto Andree de Talio* (1195). Xa máis serodias son as atestacións extraídas da documentación de Santiago de Mens, concretamente *Tallo* (1325, 1390), *Santrandé de Talo* (1425) e como apelido na secuencia antroponímica *Rroý de Tallo o Moço* (1430).[8]

O máis lóxico e esperábel é que a forma *Tallo* non sexa outra cousa cá toponimización do apelativo galego *tallo*, á súa vez derivado regresivo do verbo *tallar* 'cortar cunha ferramenta'. O verbo, pola súa banda, procede dunha forma vulgar *TALĬĀRE ou *TALEĀRE (> port. *talhar*, cast. *tajar*), documentada xa en época tardolatina cun significado similar ao actual e derivada a partir do substantivo TĂLĔA «Rama de árbol que se corta para plantarla», «Teja o plancha de madera», «Trozo de madera con que se asegura la unión del muro interiormente» (De Miguel 1867, s.v. **tălĕa**). No tocante a *tallo*, é vocábulo presente nos diversos dicionarios galegos cuns valores semánticos moi semellantes en todos eles. De feito, xa o padre Sarmiento daba as voces *tallo* e *tallón* como sinonímicas, co significado «cuadrado de viña». Unha acepción igualmente xenérica, «Heredad», foi rexistrada no seu momento por Aníbal Otero, mentres que Elixio Rivas achegou un maior detalle a todas estas definicións ao sinalar *tallo* como sinónimo do que noutras zonas de Galicia denominan *lucha*, a saber, «Finquita pequeña,

[8] Zapico (2005).

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

cultivada», así como «Pedacito, rincón de una huerta, dedicado a hortalizas especiales, como cebolla, lechuga...». Tamén interesante é a acepción «Finca larga y pendiente que se trabaja en sentido transversal», aboada por Constantino García e afín á recollida por Antón Santamarina en terras do Nordeste de Galicia (Marqués Valea 2004, 716). Así mesmo, a sinonimia entre *talho* e *talhão* tampouco é descoñecida en Portugal, onde ambas as dúas formas designan o mesmo ca *tabuleiro*, ou sexa, «Terreno delimitado para o plantio» (Houaiss 2001, s.v. **talho**).

Encontrámonos en definitiva ante un substantivo moi vivo en todo o dominio galego-portugués, e que ademais xerou unha relativa diversidade de acepcións, se ben todas elas poden reducirse en última instancia a unha esfera semántica ben delimitada. Calquera deses significados puido intervir na creación dunha denominación toponímica coma a que nos ocupa, así como na doutras moitas baseadas en variantes flexivas ou derivativas de *tallo*, e especialmente prolíficas no terreo da microtoponimia. Na toponimia maior, porén, a forma simple *tallo* pareceu gozar dunha proxección máis discreta pois, á marxe do topónimo bergantiñán, tan só rexistramos en dúas ocasións a forma pluralizada *Tallos*. Existen as variantes diminutivas *Talló* e *(As) Tallós*, xunto coa máis dubidosa *Tallón*, que, a falta de datos documentais máis decisivos, pode remitir directamente ao apelativo homónimo (vid. supra) ou ben tratarse dun diminutivo de *tallo* (cf. *MONASTERĬŎLŬ > *Mosteirón*, *MALĬŎLŬ > *Mallou/Mallón*...).

Malia este sólido contexto léxico e toponímico, que aconsella relacionar *Tallo* co substantivo galego homónimo, non debemos esquecer a existencia dunha raíz indoeuropea **tā-* 'derreterse, fluír', 'mofo', orixe dun bo número de hidrotopónimos espallados tamén por todo o territorio galego-portugués. Varios deses resultados parecen suxerir a existencia dun tema **tal-* que, a través dunha prolongación sufixal en *-ĭo* (moi frecuente na hidrotoponimia de filiación antigo-europea), daría explicación satisfactoria a topónimos como *Tallobre*, *Tállara*, *Talharinha*, *Talhareses* ou, xa en territorio castelanófono, *Tajueco* e similares (Bascuas 2006, 86–87). Agora ben, mentres que nos casos mencionados pode observarse a adxunción á base léxica de constituíntes morfolóxicos característicos da toponimia prerromana (que apoian a vinculación desas formas co tema **tal-*), non pode dicirse outro tanto nin do topónimo *Tallo* nin dos seus derivados. Por tanto, consideramos máis prudente e até verosímil soster unha interpretación de tipo agrotoponímico como a que desenvolvemos.

5.2. *Traba*

Na documentación de TO aparecen até catro alusións a este topónimo, todas elas baixo a forma *Traua*. As dúas atestacións máis antigas, extraídas de senllos documentos con data de 1135, preséntannos o topónimo dentro da secuencia antroponímica *Fernandus de Traua*, nome dun Conde de Galicia que se encargou da educación do futuro monarca Afonso VII e que apoiou, xunto co bispo compostelán Gelmires, as súas aspiracións ao trono galaico-leonés. Efectivamente, *Traba* foi apelido da liñaxe nobiliaria máis poderosa da Galicia altomedieval, e aínda que parece demostrado que esa dinastía tomou tal apelido do nome dunha fortaleza, o emprazamento da mesma (e, en consecuencia, o referente

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

físico exacto do topónimo) segue sen estar totalmente determinado, de xeito que se teñen dado distintas versións ao respecto. Nun memorial redactado no mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes lemos o seguinte:

> Traba es, el día de hoy, un lugar muy pequeño a cuatro leguas de este monasterio de Sobrado, que hoy dura, y está en pie con su nombre hacia Cabruy [...], no tiene iglesia sino una hermita de Nuestra Señora, y como feligreses acuden sus vecinos a otro pueblo allí cerca que se dice San Miguel de Felgueira. Denominábase toda esta tierra Traba [...]

Os topónimos mencionados neste texto son facilmente recoñecíbeis na actualidade, e obrigaríanos a identificar o lugar epónimo dos Traba coa fortaleza que debeu existir nas inmediacións da actual freguesía de Filgueira de Traba, no concello de Cesuras e comarca de Betanzos. Outros autores, en troques, prefiren identificar o apelido desta saga co nome da parroquia de Santiago de Traba, situada no municipio de Laxe, ou ben coa de Santa María de Traba, no concello de Coristanco, e ambas as dúas pertencentes en todo caso á comarca de Bergantiños (López Sangil 2005, 100).

Existe aínda outra forma *Traua* citada en TO e que se encontra máis concretamente nun documento sen data mais cuxa redacción corresponde con toda probabilidade aos comezos do s. XIV:

> Primeiramente J casal en Traua que tem Goncaluo Perez de Ribeira e outros seus parentes de Chamim. Jtem en Borneiro J casal que tem Lopo Tinoso in lug[ar] que chamam Paacos. Jtam da ygrega de Santa Cezia e da uila J doezema [...] Jtem en Treos e en Gora [...] Jtem auemos parte na ygrega de Traua e de Ssa[rram]eo [...][9]

O contexto toponímico do manuscrito semella favorecer a identificación deste *Traua* coa xa aludida parroquia do concello de Laxe, pois todos os nomes de lugar designan poboacións situadas na súa proximidade xeográfica máis ou menos inmediata. Así, *Borneiro* é sen lugar a dúbidas o actual San Xoán de Borneiro (vid. §4), mentres que as localidades de *Treos* (Treos) e *Ssarrameo* (Serramo) pertencen hoxe ao concello de Vimianzo, *Santa Cezia* (hoxe Santa Sía de Roma) ao de Zas e *Gora* (hoxe Xora) ao de Camariñas. A identificación que propomos adquire deste xeito maiores visos de probabilidade.

En calquera caso, o topónimo que nos ocupa está bastante presente no territorio galego, observándose unha certa concentración no terzo occidental do mesmo. Ademais dos *Traba* bergantiñáns e de *Filgueira de Traba*, o *Nomenclátor de Galicia* rexistra tamén a existencia de *Traba* como nome dunha aldea da parroquia do Araño (Rianxo) e de *A Traba* como denominación doutro núcleo habitado na freguesía de Muimenta (Cospeito). A esta pequena listaxe cumpriría engadir aínda o topónimo *A Ponte de Traba*, na parroquia, concello e comarca de Noia.

Cremos cando menos plausíbel que a orixe dos dous topónimos bergantiñáns que comparten esta forma lingüística estea no substantivo latino TABŬLA, que presentaba entre outras acepcións as de «Tabla» e «Porción de un campo en

[9] Lectura e transcrición propias.

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

forma de cuadro» (De Miguel 1867, s.v. **tăbŭla**). A toponimización deste vocábulo produciríase mediante un fenómeno de extensión semántica, ao aplicarse como denominación de terreos chans e lisos, similares neste sentido a unha táboa. Esta particularidade orográfica é común aos respectivos emprazamentos das dúas entidades de poboación que aquí nos ocupan, e resulta especialmente notoria no caso da freguesía de Santiago de Traba, asentada nunha inmensa planicie ao nivel do mar.



FIGURA 2.
Vista xeral da planicie en que se asenta a freguesía de Santiago de Traba (Laxe)

Tal e como sinala Marqués Valea (2004, 301), xa o padre Sarmiento intuíra no seu momento a conexión etimolóxica entre TABŬLA e topónimos como *Taboada*, *Trabada*, o castelán *Tabladillo* e outros moitos similares, se ben o frade pontevedrés partía dunha acepción de TABŬLA como «pedazo de heredad que se siembra», de xeito que «la voz *tabula* era una medida de tierra llana y por eso se llamó *tabula* o *tabla*». De feito, este significado de TABŬLA, xa empregada en época propiamente latina tal e como tivemos ocasión de ver, explica a acepción con que se conserva o substantivo *tabla* en determinadas partes do Bierzo e noutras comarcas de León, é dicir, «porción de terreno destinada al cultivo y principalmente a huerta» (Álvarez Maurín 1994, 316–317). Mais o certo é que no léxico común desa mesma área lingüística obsérvase unha especialización

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

semántica de TABŬLA e dalgúns dos seus derivados como denotativos dun determinado perfil orográfico e mesmo hidrográfico: así, o substantivo *tablada* (< TABŬLĀTA, participio do verbo TABŬLŌ 'entarimar') designa en comarcas como Babia ou Ḷḷaciana o tramo dunha corrente fluvial que leva auga mansa (Álvarez Maurín 1994, 316–317).

En todo caso, e prescindindo de maiores matices semánticos, pode aceptarse que TABŬLA está na orixe non só de *(A) Traba*, mais tamén da variante pluralizada *As Trabas* (< TABŬLĀS) e de derivados como *Trabada* (< TABŬLATA), *(O) Trabado* (< TABŬLATŬ), *Trabadela* (< TABŬLATĔLLA) ou *Trabadelo* (< TABŬLATĔLLŬ), todos eles con especial concentración na área nororiental do territorio galego. A evolución fonética verificada en todos eles foi a mesma: a perda da vogal postónica -ŭ- (**Tab'la*), a alteración do grupo consonántico resultante segundo parámetros aínda hoxe operativos na lingua (**Tabla* > **Tabra*, cf. *blanco/branco*, *clavo/cravo*...) e, finalmente, a metátese da consoante golpeada dentoalveolar [ɾ] (**Tabra* > *Traba*, cf. *cabra* > **craba*, *catedral* > **catredal*...). Pola súa banda, a forma *táboa*, que foi a que finalmente prevaleceu no léxico común, representa unha evolución de TABŬLA cronoloxicamente posterior á que implican *Traba* e os seus derivados, pois nela obsérvase xa a síncopa do -L- intervocálico latino, fenómeno que comeza a rastrexarse no romance galego-portugués por volta do s. IX, aproximadamente. Por último, a variante tamén viva en galego *tabla*, que atopamos como constituínte de diversos microtopónimos (Marqués Valea 2004, 301–303), pode tratarse nalgúns casos dun mero castelanismo, mentres que noutros, en troques, é máis doado de interpretar como unha forma lexítima galega, intermedia entre **traba* e *táboa*. Malia estas diverxencias formais, o certo é que todas estas variantes deixaron resultados toponímicos explicábeis, ao igual que en *Traba* e os seus derivados, a partir dunha motivación orográfica: é o caso de *(As) Táboas*, *(A) Taboada*, *Taboado*, *Taboadelo* ou *Taboadela*, cognados todos eles dos xa citados *As Trabas*, *Trabada*, *Trabado*, *Trabadelo* e *Trabadela*. Fóra do ámbito galego podemos apuntar aínda formas como *Llanu la Tabla* (Asturias) ou *Valdetablas* (Madrid), entre outros moitos.

Acabamos de comprobar, por tanto, que a hipótese orotoponímica semella en principio a máis convincente, pois conta con apoio léxico e documental de diverso tipo. Con todo, non por iso deixaron de formularse outras explicacións para o topónimo *Traba*. Bascuas (2006, 328–329) prefire entroncar este topónimo coa raíz indoeuropea **ter-* 'frotar, atravesar', xeradora de diversos derivados cun contido semántico de carácter hidronímico. A partir desta base podería explicarse un desenvolvemento **traw-* que de feito podemos illar en formas históricas como o grego trauma 'ferida', o galés *taraw* 'golpear' ou mesmo o latín ĬNTRĀUI (primeira persoa do Pretérito Perfecto de Indicativo de ĬNTRĀRE). O tema **traw-* tamén estaría presente en formacións xa propiamente toponímicas e aparentemente similares ao galego *Traba*, como p. ex. o nome do río tracio Τραυος. Xa que logo, o autor aventura a posibilidade de reconstruír para o noso topónimo unha fase inicial **Traw-a*, formalmente coherente coa estrutura de moitos outros hidrotopónimos europeos (é dicir, adxunción dun sufixo vocálico *-a* á raíz) e cuxa evolución implicaría a consonantización da semivogal velar. En defensa desta hipótese aduce o autor a existencia de topónimos como

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

o portugués *O Paul da Trava* (que interpreta como un sintagma tautolóxico), así como de correntes fluviais antigamente denominadas *Trava*/*Traua*. Un deses ríos foi o actualmente denominado *Sóñora*, un dos que desaugan na ría de Muros e Noia e que en TO encontramos aludido en numerosas ocasións, sempre baixo a forma *Traua* ou variantes flexivas como *Trauam* e *Traue* (Martínez Lema 2008, s.v. TRABA). De feito, esa denominación antiga pervive no xa mencionado topónimo *A Ponte de Traba*, de significado e motivación transparentes. Bascuas detense tamén no caso concreto de Santiago de Traba, argumentando que o seu nome é común ao río e á lagoa existentes nesa mesma freguesía, de xeito que **traba* 'poza, charco, estanque' sería nun primeiro momento o nome da lagoa, estendéndose nunha fase posterior á corrente fluvial e por último ao conxunto do núcleo habitado asentado nas marxes da mesma (vid. §2). Agora ben, unha deslocación toponímica coma esta pode darse tanto nun sentido como no inverso, pois son moi frecuentes os topónimos que designaban en orixe unha poboación e acabaron por aplicarse tamén á corrente fluvial máis importante que atravesa a mesma, xeralmente por medio de sintagmas do tipo [río + nexo preposicional *de* + topónimo]: p. ex., o río Castromaior, na provincia de Lugo, debeu ser en orixe un *río de Castromaior*, que tomou o seu nome en alusión ao núcleo habitado así coñecido. É evidente que *Castromaior* non é un hidrotopónimo, no sentido de que non se formou a partir dunha base léxica dotada de sentido propiamente hidronímico. En definitiva, o feito de que un topónimo designe unha corrente fluvial ou calquera outro fenómeno físico similar non debe tomarse en principio como proba concluínte para aceptar a orixe hidronímica desa forma lingüística, sobre todo cando nos referimos a cursos de auga pequenos ou de escasa relevancia, os máis propensos a sufrir fenómenos tanto de substitución toponímica como de polinomia (Martínez Lema 2009, 69).

Maior contundencia argumentativa pode ter en cambio a existencia de formacións toponímicas como *Trabazo*, *Trabazos*, *Trabazas* ou *Trabazón*, ás que habería que sumar aínda os múltiples derivados do mesmo tipo existentes en Portugal, como *Travaças*, *Travacelas*, *Travacinho*, *Travaço*, *Travaçô*, *Travaçó*, *Travaçoa*, *Travaços* ou *Travaçós*, por sinalar soamente algúns deles. A estrutura morfolóxica de todos eles esixe efectivamente unha base **trav(a)-* á que se lle incorporou o formante sufixal *-tĭo*, moi frecuente en diversos derivados toponímicos prerromanos aínda hoxe existentes en Galicia, como p. ex. *Deza* (< *DE-TĬA), *Cerezo* (< *SERE-TĬO), *Lóuzara* (< *LAU-TĬA-(Ă)RA...) e similares. Deste xeito, podemos explicar satisfactoriamente *Trabazo* (< *TRAVATĬO), *Trabazón*/*Travaçô* (< *TRAVATĬŎLŬ) e toda a serie toponímica antes mencionada, ao mesmo tempo que excluímos calquera relación co latín TRABS 'viga'.

En definitiva, e contrastando as dúas interpretacións aquí expostas, é cando menos posíbel que algún dos *Traba* actuais tivesen como orixe un tema hidronímico **traw-* ou similar, atendendo á natureza e composición morfolóxica doutros derivados de presumíbel vinculación etimolóxica. Porén, consideramos que noutros casos, entres os que moi seguramente se contan os topónimos bergantiñáns aquí tratados, a opción orotoponímica é máis sólida tanto a nivel etiolóxico como a nivel estritamente formal e semántico.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

Referencias

Álvarez Maurín, María del Pilar (1994): *Diplomática asturleonesa. Terminología toponímica*. León: Universidad de León, Secretariado de Publicaciones.

Bascuas López, Edelmiro (2001): «Mondoñedo y Valoría.» *Estudios Mindonienses* 17:423–490.

——— (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro.

Cabeza Quiles, Fernando (2008): *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

Dauzat, Albert (1946): *La toponymie française*. Paris: Payot.

——— (1978): *Dictionnaire étymologique des noms de lieux en France*. Paris: Guénégaud.

DCECH = Corominas, Joan; Pascual, José A. (1980–1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.

De Miguel y Navas, Raimundo (1867): *Nuevo diccionario latino-español etimológico*. Madrid: Agustín Jubera.

Ferreiro Fernández, Manuel (1999): *Gramática histórica galega. I. Fonética e morfosintaxe*. A Coruña: Laiovento.

González Rodríguez, Alberto (1999): *Diccionario etimológico de la toponimia mayor de Cantabria*. Santander: Estudio.

Houaiss, Antônio [ed.] (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.

Iglesias, Hector (2003): «Toponymes portugais, galiciens, asturiens et pyrénéens: affinités et problèmes historico-linguistiques (I).» *Verba* 30:237–274.

López Ferreiro, Antonio (1868): «Fragmentos del testamento de Dª Leonor González, esposa del noble caballero D. Rui Sosa (Tumbo de S. Justo).» *El Eco de la Verdad* 20:158–159.

López Sangil, José Luis (2005): *A nobreza altomedieval galega. A familia Froilaz-Traba*. Noia: Toxosoutos.

Lucas Álvarez, Manuel (1975): *El monasterio de San Julián de Moraime en Galicia: Notas documentales*. Gran Canaria: Caja Insular de Ahorros.

Marqués Valea, Xulia (2004): *A toponimia de Trabada*. Lugo: Deputación de Lugo.

Martínez Lema, Paulo (2008): *Inventario toponímico do Tombo de Toxos Outos*. Noia: Toxosoutos.

——— (2009): «Proceso de construción dun inventario toponímico medieval: o Tombo de Toxos Outos». *Estudos de Lingüística Galega* 1:67–83.

Menéndez Pidal, Ramón (1968): *Toponimia prerrománica hispana*. Madrid: Gredos.

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)

Millán González-Pardo, Isidoro (1994): «Toponimia de Ponteceso y de su municipio.» *Cuadernos de Estudios Gallegos* 41 (106): 441–489.

Moralejo Laso, Abelardo (1980): «Notas acerca de hidronimia gallega.» *Verba* 7:157–170.

Navaza Blanco, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Nomenclátor de Galicia. [online]: Xunta de Galicia, 2003.

Pérez Rodríguez, Francisco Javier. (2004): *Os documentos do tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico.

Pokorny, Julius (1959): *Indogermanisches etymologisches Wörterbuch*. Bern: Francke Verlag.

Rodríguez Sevilla, Martín (1980): *Toponimia de origen indoeuropeo prelatino en Asturias*. Oviedo: Instituto de Estudios Asturianos.

Salvado Martínez, Vicente; Salvado Martínez, Benito (1991): «Tumbo de Toxosoutos: siglos xii y xiii.» *Compostellanum* 36 (1–2): 165–227.

Zapico Barbeito, María Pilar (2005): *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens*. Noia: Toxosoutos.

Paulo Martínez Lema
Universidade de Santiago de Compostela
Instituto da Lingua Galega
Praza da Universidade, 4
E-15782 Santiago de Compostela

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5271 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 19:51:14 UTC)